

## DITAME DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS ADOPTADO NA SESIÓN DO DÍA 22 DE MAIO DE 2026

**ASUNTO:** **INFORME SOBRE A CONTA XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA, CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO 2025.**  
**(EXPTES: 2026035094-2026000743)**

Unha vez formada pola Intervención a Conta Xeral da Deputación de Pontevedra correspondente ó exercicio 2025 reúnen-se ós Sres./as. Deputados e Deputadas integrantes da Comisión Especial de Contas da Deputación de Pontevedra co obxecto de someter a Conta Xeral a informe da Comisión, nos termos establecidos no artigo 212.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

A Conta Xeral do exercicio 2025 inclúe a conta da propia Deputación de Pontevedra, a da Escola Universitaria de Enfermería, a do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, a do Consorcio para o Servizo Contra incendios e Salvamento das Comarcas do Deza e Tabeirós-Terra de Montes, e a conta consolidada.

A documentación que comprende o expediente da Conta Xeral do exercicio 2025 foi posta a disposición dos Sres./as. Deputados e Deputadas integrantes da Comisión no prazo regulamentario para o seu exame e consulta de acordo co establecido no artigo 212.4 da Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia.

O Presidente da Comisión dirixiuse ós Sres./as. Deputados e Deputadas preguntándolles se tiñan algunha cuestión ou consulta sobre o informe da Conta Xeral, non producíndose ningunha intervención.

Sometido a votación o informe da Conta Xeral da Deputación de Pontevedra correspondente ó exercicio 2025, obtívose o seguinte resultado:

- 1. Votos a favor: nove (9)**, do grupo provincial do Partido Popular (PP)
- 2. Votos en contra: ningún (0)**
- 3. Abstencións: oito (8)**, sendo seis (6) do grupo provincial do Partido Socialista de Galicia (PSG-PSOE), e dous (2) do grupo provincial do Bloque Nacionalista Galego (BNG)



En consecuencia, a Comisión Especial de Contas, cos votos a favor dos Sres./as. Deputados e Deputadas do grupo provincial do Partido Popular (PP), e abstencións dos grupos provinciais do Partido Socialista de Galicia (PSG-PSOE) e do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ACORDA:

**Primeiro.**- Informar favorablemente a Conta Xeral da Deputación de Pontevedra do exercicio 2025, que inclúe a conta da propia Deputación, a da Escola Universitaria de Enfermería, a do Consorcio Provincial de Pontevedra para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento, a do Consorcio para o Servizo Contra incendios e Salvamento das Comarcas do Deza e Tabeirós-Terra de Montes, e a conta consolidada, nos termos e coa documentación que consta nos expedientes CIVIDAS números 2026035094-2026000743

**Segundo.**- dispoñer que se expoña ó público a Conta Xeral da Deputación de Pontevedra do exercicio 2025 por un prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán presentar as reclamacións, reparos ou observacións que estimen pertinentes, de conformidade co establecido no artigo 212.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

No suposto de que durante o período de exposición pública non se presentaran reclamacións reparos ou observacións este informe favorable da Comisión de Contas entenderase elevado a automaticamente a definitivo.

**Terceiro.**- dispoñer que, unha vez rematado o período de exposición pública e resoltas, no seu caso, as reclamacións, reparos ou observacións formuladas, a Conta Xeral da Deputación de Pontevedra correspondente ó exercicio 2025 se someta ó Pleno da Corporación para a súa aprobación, conforme ó establecido no artigo 212.4 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais,

O Secretario da Comisión  
(Documento asinado electrónicamente á marxe)

